Informar favorablemente a solicitude presentada por D. José Manuel Maneiro Vilas, para instalación de vado permanente en inmobile sito na Avda. Rosalía de Castro 149, tendo a entrada de vehículos pola Rúa San Andrés (Ref. Cat. 8879901NH1187N0001IX).

- O acceso á entrada de vehículos non precisa rebaixe da beirarrúa posto que xa dispón del.
- Ao ser un vial con ancho de 5 m. é preciso pintar con línea amarela o bordillo da beirarrúa do seu fronte para evitar o estacionamento e facilitar a entrada e saída de vehículos.
- Deberáse proceder polo interesado á sinalización horizontal axeitada, para elo acudir á policía local quen lle informará da forma de levala a cabo.
- Deberá pasar polo Negociado de Rendas a efectos de facturar o importe da placa, para a súa posterior retirada na Portería do Concello.

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. URB/2022/000074).

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Fabián Orlando Mendoza Castro, para legalización dos rótulos instalados no local sito na Rúa San Roque nº 8 Bx. 1 (Ref. Cat. 9559804NH1195N0002XH) (Expte. URB/2022/000218)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. César Paz López en representación de CONSTRUSER CESAR PAZ SL, para obras ordinarias de urbanización no Camiño do Piñeiro nº 6 - Renza (ref. Cat. 7731522NH1173S0001AR), baixo as seguintes condicións:

1. Realizarase un replanteo dos traballos, con localización dos servizos municipais afectados previamente ó inicio dos traballos. Este replanteo farase cos Servizos Técnicos Municipais.
2. Completarase os servizos municipais de auga e saneamento na zona a pavimentar.
3. Manterase a rasante actual do vial e en plataforma única (sen beirarrúas).
4. As obras executaránse cumprindo totalas condicións de garantía e seguridade impostas polas disposicións vixentes.

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. URB/2022/000230).

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. José Luis Falcón Díaz en representación de O CASTRIÑO SLU, para instalación de vado permanente en inmobile sito na Rúa Duque de Terranova nº 6 (Ref. Cat. 8756203NH1185N0001DA), tendo a entrada de vehículos pola Rúa San Andrés (Ref. Cat. 8879901NH1187N0001IX).

- O acceso á entrada de vehículos non precisa rebaxe da beirarrúa posto que xa dispón del.
- Deberáse proceder polo interesado á sinalización horizontal axeitada, para elo acudirá á policía local quen lle informará da forma de levala a cabo.
- Deberá pasar polo Negociado de Rendas a efectos de facturar o importe da placa, para a súa posterior retirada na Portería do Concello.

Comunicáselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. URB/2022/000207).

LICENZAS DE OBRAS MAIORES

Informar favorablemente a solicitude de D. Alberto Martínez Otero en representación de D. Jean Louis Domínguez e Dna. Odile Sylvie Ligrand, vistos os informes técnico e xurídico, para construción de vivenda unifamiliar, no lugar de Rúa Pexego s/n, de conformidade co proxecto básico e de execución do Arquitecto D. Alberto Martínez Otero (visado coa data 29/12/2021). En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo de Núcleo Rural. Núcleo periférico grado 2 (NP2)
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: vivenda unifamiliar
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 6,50 m.; 80% (en planta baixa)
4. Orzamento de execución material: 104.573,79 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 9753924NH1195S0001DM
6. Técnicos directores das obras: Arquitecto D. Alberto Martínez Otero

Arquitecto Técnico D. Ismael Lorenzo Pérez
 Director das obras D. Alberto Martínez Otero
 Coordinador de Seguridade e Saúde D. Ismael Lorenzo

Pérez

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaránse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais

normativa ao respecto.

- Rematadas as obras, e con carácter previo a su ocupación, deberá solicitarse licenza de primeira ocupación de acordo co Art. 142.1.g) LSG e no Art. 42 da LVG, aportando a documentación esixida no Art. 356. 3 do RLSG(Certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, subscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente. Achegarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovble de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da adecuada execución das acometidas das redes de subministración). (Expte. URB2022/000008)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Carlos Berride Abalo en representación de D. Manuel Torrado Pereira, para instalación de piscina para uso particular e peches de parcelas en rúa do Pomar e rúa Bouza Xusta, con Referencia Catastral: 1166216NH2116N0001ES, segundo “Proxecto técnico de cerres de parcela e de instalación de piscina para uso particular”, redactado polo arquitecto don Carlos Berride Abalo, asinado dixitalmente o 21.01.2022.

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interrompirse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaránse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto.
- Rematadas as obras deberá achegarse certificado de final de obras asinado polo director facultativo. (Expte. URB/2022/000039)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. María Pilar Vence Lodeiro en representación de D. Daniel Barreiro Ramos, para obras de substitución de estruturas de cuberta e reforma de cociña en vivenda existente en travesía Sentín, nº 49, Rubiáns, con Referencia

Catastral: 1246211NH2114N0001KQ, segundo "Proxecto técnico para substitución de estrutura de cuberta e reforma cociña en vivenda", redactado pola arquitecta dona María Pilar Vence Lodeiro, asinado dixitalmente o 25.01.2022.

No caso de que se cumpran as condicións previstas no Artigo 3.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, deberá procederse polo promotor a designar, con carácter preceptivo, a un coordinador de seguridade e saúde.

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaránse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto.
- Rematadas as obras deberá achegarse certificado final de obras asinado pola directora facultativa.(Expte.URB/2022/000048)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Manuel Rodríguez Fontán en representación de D. Ramón Lemos Piras, para obras de reforma e ampliación de vivenda unifamiliar en PS+PB en rúa Sisto de Abaixo, s/n, Cornazo, con Referencia Catastral: 0607904NH2100N0001FZ, segundo "Proxecto básico de reforma e ampliación de vivenda en PS+PB", redactado polo arquitecto don Manuel Rodríguez Fontán, asinado dixitalmente o 10.11.2021, Anexo de obras ordinarias de urbanización asinado dixitalmente o 10.11.2021 e Acta de Cesión de Terreos para a súa incorporación á traza viaria do 28.03.2022, e con suxeición ao disposto na Resolución da Directora de Augas de Galicia do 28.10.2021 e na Resolución da Diputación Provincial de Pontevedra do 21.06.2021.

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e

apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaránse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto.
- Non se poderá iniciar a execución das obras mentres non se achege e se autorice polo Concello o preceptivo proxecto de execución visado polo COAG, que deberá acompañarse da seguinte documentación (Estudo de seguridade e saúde, e Oficios de dirección de execución material e coordinador de seguridade e saúde).
- Rematadas as obras, e con carácter previo a su ocupación, deberá solicitarse licenza de primeira ocupación de acordo co Art. 142.1.g) LSG e no Art. 42 da LVG, aportando a documentación esixida no Art. 356. 3 do RLSG(Certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, subscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente. Achegarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da adecuada execución das acometidas das redes de subministración).
- Achegarase certificación do Rexistro da Propiedade Vilagarcía de Arousa da inscrición dos terreos cedidos a favor do Concello de Vilagarcía de Arousa. (Expte. URB/2021/000976)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Bertino Velasco Torre en representación de CORPORACIÓN ALIMENTARIA PEÑASANTA S.A., para obras de adecuación de cubertas para instalación fotovoltaica en rúa Os Martices, s/n, con Referencia Catastral: 0761033NH2106S0001IH segundo "Proxecto de adecuación de cubertas para a instalación fotovoltaica en central láctea", redactado polo enxeñeiro técnico industrial, don Manuel Lombardía Pereira, visado o 30.03.2022 e "Proxecto de instalación solar fotovoltaica en central láctea", redactado polo enxeñeiro técnico industrial, don Manuel Lombardía Pereira, visado o 28.03.2022 e con suxeición á Resolución da Xefa do Servizo de Coordinación Cultural do 19.11.2021

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se

aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaránse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto.
- Rematadas as obras deberá comunicarse a súa finalización ao ente municipal. (Exp. URB/2021/000412)

Informar favorablemente unha prórroga de TRES ANOS a Dna. María Jesús Gómez oubiña, para o remate das obras de adición de planta en vivenda unifamiliar existente, no lugar de rúa Sixto, Solobeira, autorizadas por Resolución de Alcaldía do Concello de Vilagarcía de Arousa do 15.04.2013, prorrogadas por Resolucions do 25.04.2016 e do 24.04.2019. (Expte. URB/2012/000681)

COMUNICACIÓNS APERTURAS ESTABLECEMENTOS

Informar favorablemente a comunicación de cambio de titularidade da licenza outorgada por Decreto de Alcaldía do Concello de Vilagarcía de Arousa do 25/04/2018 a D. Edwin Eduardo José Cornejo Martínez en representación de KAZUKU SUSHI SL, para posta en funcionamento da actividade de Restaurante na Rúa San Roque nº 4 Bx (Ref. Cat. 9559802NH1195N0003TJ), quedando subrogado MD IMRAN NAZIR MONDOL, na posición do anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Cecreto 144/2016:

"3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo....." (Expte. ACTI/2022/000007)

ASUNTOS VARIOS

Dáse conta do Informe-Dictame redactado polo Arquitecto D. J. Javier Espiñeira Fandiño con data de visado colexial de 10/03/2022, presentado pola COM. PROP. RIVERO DE AGUILAR 20, en cumprimento da Ordenanza municipal reguladora das medidas de conservación, de rehabilitación e seguridade de terreos, solares, construción, edificios e instalacións.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo queda sabedor. (Expte. URB/2022/000213)

TERRAZAS

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Fabián Orlando Mendoza Castro, para instalación de terraza de 18 m² con 5 mesas e 4 cadeiras cada unha, cun aforo total de 20 persoas, vinculada ao establecemento denominado "BAR CAN ROQUE", sito na Rúa San Roque nº 8 e baixo as seguintes condicións:

- Consonte o artigo 24 da Ordenanza de Terrazas, finalizado o horario de funcionamento da

- terraza, deberán retirarse todos os seus elementos da vía pública e depositarse en local privado.
- Ao aforo establecido no parágrafo anterior aplicaráselle as limitacións que en cada momento se establezan en función dos niveis de risco sanitario.
 - Tódolos elementos que se instalen, incluso os que non se contemplan na solicitude como anuncios de menús, elementos decorativos, etc... deberán respectar os límites de superficie autorizados.
 - Tódolos elementos deberán garantir a súa estabilidade, sen practicar furos nin ancoraxes no pavimento da vía pública.
 - O solicitante será responsable de que o seguro de Responsabilidade Civil estenda a súa cobertura á terraza durante todo o tempo que dure a autorización.
 - Tamén será responsabilidade do interesado o cumprimento dos horarios establecidos así como que os clientes non dificulten a libre circulación de peóns. A estes efectos deberase respectar o itinerario peonil de 1,80 m ao longo a beirarrúa.
 - A autorización de ocupación da vía pública será a que se contén no plano presentado xunto coa solicitude.
 - Os elementos de mobiliario urbano (bancos, árbores, fontes...etc), se os houber, deberán permanecer libres e dispoñibles para uso público.
 - A ocupación e aforo que se informa deberase considerar máximo e aplicar sobre tales parámetros as restricións que en cada momento sexan de aplicación por motivo da emerxencia sanitaria.
 - A validez da autorización é anual abrangendo dende o 01 de xaneiro ao 31 de decembro de 2021. Finalizado o prazo da mesma, para renovar a autorización non será preciso presentar nova documentación se non se pretenden modificar as condicións da instalación e non se produce concorrencia de novos solicitantes sobre un mesmo espazo.
 - A veracidade dos datos aportados é responsabilidade do solicitante. A autorización quedará sin efecto en caso de comprobarse algunha incorrección ou falsidade nos documentos da solicitude.
 - Deberán estar nun lugar visible da terraza e a disposición dos axentes da Autoridade Municipal que o reclamen copia da autorización expedida polo Concello e un plano de detalle da instalación.
 - Serán de aplicación, en todo caso, as determinacións establecidas na Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras (publicada no núm. 200 do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 19.10.2016).
 - Quedan expresamente prohibidas as actuacións musicais en directo e a instalación de equipos audiovisuais visibles ou audibles dende os espazos de terrazas.
 - Darase traslado do acordo ao Departamento de Rendas e á Policía Local aos efectos oportunos. (Expte. T-2022/000004)

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Gerardo Sánchez Pérez en representación de EXPANSIÓN HOSTELERA DE AROSA SL, para instalación dunha terraza vinculada ao establecemento " BAR LONDON" situado na Rúa San Roque nº 12, de conformidade co sinalado no informe da Policía Local de data 18/03/2022 e no informe do Arquitecto Municipal de data 06/04/2022, e baixo as seguintes condicións:

- Autorízase unha ocupación de 18,20 m² para 6 mesas con 2 cadeiras cada unha na zona de aparcamento diante do seu local,
- A instalación non excederá da fronte do seu local.
- Manteráse en todo caso a distancia física de 1,5 metros entre as mesas ou agrupacións de mesas.
- Igualmente deberán manter en todo caso a distancia física de 1,5 metros ás entradas de portais de acceso ás vivendas e a distancia física de 1,5 metros aos pasos de tránsito peonil.

- Dende o punto de vista da seguridade viaria, é unha vía con bastante densidade circulatoria. o cal sempre incrementa o risco na mesma, polo que a estrutura que protexa aos usuarios do establecemento deberá ser suficientemente adecuada a tal fin.
- Deberase instalar unha plataforma para enrrasar a zona de terraza co pavimento da beirarrúa.
- O espacio deberá estar físicamente separado da calzada mediante algunha barreira de altura inferior a 1,60 m e sinalizada con medios luminosos pola noite.
- De instalarse parasoles ou mamparas deberán ser de estrutura resistente, e ter unha base suficiente para garantir a súa propia estabilidade e a resistencia aos ventos.
- Non se permitirán os parasoles ancorados ao pavimento.
- Na súa posición estendida, ningunha parte da lona, incluso flocos, poderá quedar a unha altura menor de 2,20 m do pavimento. A proxección horizontal non pode superar os límites da superficie autorizada, debendo ter especial coidado cara a calzada por mor da posible interferencia co tráfico rodado. A autorización de ocupación da zona de estacionamentos terá validez en tanto siga en vigor a Resolución Municipal de 30 de decembro de 2021. (Expte. T/2021/000030)

E sen máis asuntos que tratar, ás 1024 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.